

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o nove de outubro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a segunda e derradeira prórroga o 2-11-2024 ata o 1-11-2025 na contratación da prestación de servizos de información e dinamización dos centros de dinamización sociocultural sitos na zona rural, espazos propiedade do Concello de Lugo, e dirixido ás veciñas e veciños das zoas rurais do municipio. Contrato reservado a centro especial de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, exp. ref. 2022/C003/000014..

2. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de celador CEIP incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade.

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de axudante/a cociña-limpeza incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade intelectual.

Así mesmo, acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de técnico/a de turismo incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7035577461585958066.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-10-2024

polo sistema de concurso.

Acórdase a atribución temporal de funcións a un cabo de bombeiros do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento (Speis).

3. FOMENTO.- Acórdase a ratificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación arde lucus 2024, asinado o día 10 de setembro de 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.